



## **ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DIA 7 DE MAIO DE 2015.-**

<p><b>SRES. Asistentes</b> <b>Sr. ALCALDE:</b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <b>SRES. CONCELEIROS:</b> D. José Eugenio Fernández Lago. D<sup>a</sup> María Victoria Montenegro Paz. D. Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. D<sup>a</sup> Alma Beatriz Barron Ferro. D. Juan Manuel Sixto Galiano. D<sup>a</sup> Mercedes Grande Regueiro. D<sup>a</sup> Josefina Martínez Martínez. D<sup>a</sup> Marta Seijas Díaz. D. Emilio Mesias Farias. D. Miguel Angel Fernández Permuy. D. Luis Cendán Fernández. <b>Sr. Secretario:</b> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e oito minutos do día tres de abril de dous mil quince, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a Sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

### **PUNTO NÚM. 1.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN ORDINARIA.-**

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación o cambio de data da Sesión Ordinaria .

### **PUNTO NÚM. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO CONCELLO PLENO OS DIAS 27/12/2013 E 26/03/2015.**

O Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación as actas das sesións ordinarias celebradas polo Concello Pleno os días 27 de decembro de 2013 e 26 de marzo de 2015.

### **PUNTO NÚM.3.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL DE DATA 21-10-2014.**

Dase conta da Firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 21-10-2014, na se dicta o seguinte FALLO:



Que, con estimación parcial de las pretensiones deducidas en el presente recurso contencioso-administrativo, debo declarar y declaro la disconforme a Derecho el Acuerdo de la Xunta Municipal de Gobierno del Concello de Ares, de fecha 26-07-2013, por el que se desestima el recurso de reposición formulado contra el precedente Acuerdo del mismo órgano municipal de fecha 10-05-2013 que ha dado lugar a este proceso, que por tanto debo anular y anulo en parte, a la vez que debo declarar el derecho de la actora a percibir del Excmo. Concello de Ares la cantidad de 1828.,26 euros por los daños sufridos por el meno Jaime Vadillo Blanco-Traba.

Todo ello sin efectuar expresa imposición de las costas procesales.

Notifíquese la presente a las partes, significándoles que, con arreglo al terno del art. 81.1ª) de la Ley de jurisdicción, contra la presente Sentencia no cabe recurso ordinario alguno.”

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL 1T-2015. “LEI 15/2010”MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIONS COMERCIAIS.**

Dase conta do informe trimestral 1T-2015, “Lei 15/2010” Medidas de loita contra a Morosidade nas operación comerciais, o cal presente o seguinte resume:

Pagos realizados en el Trimestre	Periodo medio de pago días	Dentro del periodo legal de pago	Fuera período legal pago
TOTAL	119.68	30.619.52 euros	886.230,44 euros

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE O EXERCICIO DE 2015.-**

Dase conta do Informe de Secretaria de data 4 de maio de 2015, que seguidamente se transcribe:

**INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN LIQUIDACIÓN**

**ORZAMENTO 2014**



En cumprimento da petición da Alcaldía, na que se solicitou informe desta Intervención en relación coa aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio económico 2014, e de conformidade co previsto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 e de conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, emítese o seguinte

### INFORME

**PRIMEIRO.** De conformidade cos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 163, 191, 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

— Os artigos 3.1 e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.



— Os artigos 4.1, 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

— A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

— A Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

**TERCEIRO.** Aplicarase cada unha das Instrucións de Contabilidade normal:

O modelo normal aplicarase nos municipios cun orzamento que exceda de 3.000.000 de euros, en aqueles municipios cun orzamento que non supere este importe pero si supere os 300.000 euros e a súa poboación sexa superior aos 5.000 habitantes, e nas demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 de euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais enumeradas anteriormente.

**CUARTO.** A liquidación do Orzamento poñerá de manifesto:

A) Respecto ao Orzamento de gastos e como mínimo a nivel de capítulo:

— Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.

— Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.



— As obrigas recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.

— Os pagos realizados, son indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigas recoñecidas netas.

— As obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2014.

— Os remanentes de crédito.

B) Respecto ao Orzamento de ingresos e como mínimo a nivel de capítulo:

— As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.

— Os dereitos recoñecidos.

— Os dereitos anulados.

— Os dereitos cancelados.

— Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.

— A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.

— Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2014.

— A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.

A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

O estado da liquidación do Orzamento estará composto por:



— Liquidación do Orzamento de Gastos.

— Liquidación do Orzamento de Ingresos.

— Resultado Orzamentario.

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

**QUINTO.** Como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse:

— Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

— O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

— Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

— Os remanentes de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

**SEXTO.** En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que as Entidades Locais deberán axustar os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido este como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigos 3.1 *in fine* e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria).

A este respecto a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.



Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O sinalado informe sobre o Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria inclúise no expediente anexo.

**SÉTIMO.** O procedemento a seguir será o seguinte:

**A.** Corresponde ao Presidente da Entidade Local, previo informe de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e do Informe de Intervención, a aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local e das liquidacións dos Orzamentos dos Organismos Autónomos dela dependentes (artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

**B.** Da liquidación de cada un dos Orzamentos, unha vez efectuada a aprobación, darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre.

**C.** Aprobada a liquidación deberase remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

**OITAVO.** Examinada a liquidación do Orzamento municipal único de 2014, comprobouse que as súas cifras arrojan a información esixida polo artigo 93.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co seguinte resultado:

#### **LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

— Créditos iniciais:	5.676.812,42 euros.
— Modificacións de créditos:	509.038,96 euros.
— Créditos definitivos:	6.185.851,38 euros.
— Obrigas recoñecidas netas:	5.218.080,64 euros
— Pagos recoñecidos netos:	4.250.641,88 euros.



— Remanentes de crédito totais:	967.770,74 euros.
--- Gastos comprometidos :	5.277.137,55 euros.
--- Obrigas pendentes de pago a 31-12-14 :	967.438,76 euros.

#### LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

— Previsións iniciais:	5.676.812,42 euros.
— Modificación das previsións:	509.038,96 euros.
— Previsións definitivas:	6.185.851,38 euros.
— Dereitos recoñecidos:	5.375.949,12 euros.
— Dereitos anulados:	36.915,47 euros.
— Dereitos cancelados:	0,00 euros.
— Dereitos recoñecidos netos:	5.008.195,21 euros.
— Recadación neta:	5.008.195,21 euros.
--- Dereitos pendentes de cobro a 31-12-14 :	330.838,44 euros.
--- Exceso/defecto previsión :	-846.817,73 euros.

#### ESTADO DO REMAMENTE DE TESOURERÍA :

— Remanentes de tesourería total (Fondos líquidos+dereitos+pendentes de cobro-obrigas pendentes de pago :	1.600.140,50 euros.
— Saldos de dudoso cobro :	763.348,28 euros.
--- Exceso de financiación afectada :	49.389,34 euros.





**Remanente de tesorería para gastos xerais :** 787.402,88 euros.

Os artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, e a regra 78 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local definen, a nivel normativo, o resultado orzamentario, ao dispoñer que virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados e as obrigas orzamentarias recoñecidas en dito período, tomando para o seu cálculo os seus valores netos, é dicir, deducidas as anulacións que nunhas ou outros producíronse durante o exercicio, sen prexuízo dos axustes que deban realizarse.

**DÉCIMO.** Sobre o Resultado Orzamentario realizaranse os axustes necesarios, en aumento polo importe das obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, e en aumento polo importe das desviacións de financiamento negativas e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas, para obter así o Resultado Orzamentario Axustado.

No momento de liquidar o Orzamento calcularanse as desviacións de financiamento producidas en cada un dos proxectos de gastos con financiamento afectada, desviacións que se produciron como consecuencia dos desequilibrios orixinados polo desfase ou desacompasamento entre o financiamento recibido e o que debería haberse recibido en función do gasto realizado.

**A.** Gastos realizados no exercicio económico de 2014 financiados con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Son aqueles gastos realizados no exercicio 2014 como consecuencia de modificacións orzamentarias financiadas con remanente de Tesourería para gastos xerais.

Estes gastos realizados (obrigas recoñecidas), que foron financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais, se tiveron en conta para o cálculo do resultado orzamentario do exercicio, aumentando o mesmo.



**B.** Determinación de desviacións positivas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado de 2014, imputables ao exercicio orzamentario, e que diminuirán o resultado orzamentario.

A desviación é positiva cando os ingresos producidos (dereitos recoñecidos) son superiores aos que correspondesen ao gasto efectivamente realizado (obrigas recoñecidas).

Tal situación xera un superávit ficticio, que haberá de diminuírse, axustando o resultado orzamentario polo mesmo montante que supoña tal superávit.

**C.** Determinación de desviacións negativas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado imputables ao exercicio orzamentario, e que aumentarán o resultado orzamentario.

A desviación é negativa cando os ingresos producidos non cubriron o gasto realizado, concretamente trátase de gastos de inversión que se realizaron neste exercicio económico e cun financiamento que se obtivo en exercicios anteriores, tal situación de non terse en conta xeraría un déficit ficticio, debido ao desacoplamento entre os gastos e ingresos afectados, e elo obriga a realizar o correspondente axuste para que o resultado orzamentario ofrezca unha situación real que, neste caso, lograse aumentado aquel no mesmo importe que supoña dito déficit.

--- Dereitos pendentes de cobro : 1.497.518,30 Euros.

--- Obrigas pendentes de pago : 1.494.230;71 Euros.

**UNDÉCIMO.** Do remanente de Tesourería.

Está integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos. Estará suxeito ao oportuno control para determinar en cada momento a parte utilizada a financiar gasto e a parte pendente de utilizar, que constituirá o remanente líquido de tesourería.



Obtense como a suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pago.

**A. Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2014**

- Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente : 330.838,44 €.
- Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados : 1.085.630,81 €.
- Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva : 1.818,48 €.

**B. Obrigas pendentes de pago a 31/12/2014**

- Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente : 967.438,76 €.
- Obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados : 380.692,70 €.
- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva : 1.818,48 €.

**C. Fondos líquidos a 31/12/2014**

- Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas bancarias : 1.596.852,91€.

**DUODÉCIMO.** Do remanente dispoñible para o financiamento de gastos xerais.

Determinase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobro que, en fin de exercicio considérense de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

- **Remanentes de tesourería total : 1.600.140,50 €.**
- **Remanente de tesourería para gastos xerais : +787.402,88 €.**

**DÉCIMO TERCEIRO.** Á vista do Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, despréndese que a liquidación do Orzamento **se axústa ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.**



## CONCLUSIÓN

En conclusión ao exposto, o Secretario-Interventor que subscribe emite o informe preciso na Normativa vixente, opina que procede a aprobación da mencionada liquidación do Orzamento para o exercicio económico 2014 nos termos seguintes:

**PRIMEIRO.** Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ao exercicio 2014 nos termos nos que esta foi redactada.

**SEGUNDO.** Dar conta da citada liquidación do Orzamento ao Pleno do Concello na primeira sesión que este celebre e remitir copia da mesma á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

**TERCEIRO.-** Dada a elevada contía dos dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados (1.085.630,81 €.), recoméndase instruír o preceptivo expediente de anulación de dereitos recoñecidos en exercicios anteriores por prescrición, insolvencias ou outras causas.

Con todo, a Alcaldía resolverá o que estime procedente."

Seguidamente dase conta do Informe de Secretaria, sobre corrección de erro aritmético que seguidamente se transcribe:

**Corrección erro aritmético INFORME "Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria co motivo da aprobación da liquidación do orzamento 2014:**

**Cometido erro aritmético no devandito informe referente ao % superávit de financiación sobre ingresos non financeiros axustados, a porcentaxe correcta é de 7,5"**

Seguidamente dase conta do informe do Sr. Secretario sobre estabilidade financeira que seguidamente se transcribe:

**AVALIACION DO CUMPRIMENTO DO OBXETIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA CO MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2014.**

Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Ares, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento da estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento 2014.



## **I.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLXEO).

Orden ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF.

Guía para a comunicación da execución orzamentaria do 2º trimestre de 2013. Información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro. O dito documento publícase na Oficina Virtual de coordinación financeira con las Entidades Locales, polo que se materializan as obrigas de subministro de información, na súa versión OOe do 06/08/2013.

Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1)

Manual do cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais, publicado pola Intervención General de la Administración del Estado (IGAE), Ministerio de Economía y Hacienda.

Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais, 2a edición, IGAE.

Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.

Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.

Regulamento 2516/2000 do Consello da Unión Europea.

## **II.- OBXETIVO DE ESTABILIDADE**

### **ENTIDADES QUE COMPONEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE**

#### **ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS**

A.- Axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira ("corporacións locais" en Contabilidade Nacional):

- Entidade Local: Concello de Ares.
- Organismos Autónomos: Ningún.
- Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Ningún.

B.- Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das entidades locais en virtude do artigo 2.2 da LOEOSF, entendendo o concepto ingreso comercial no termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

Sociedade Mercantil: Ningunha.

#### **DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS DE PRESUPOSTOS, E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.**

Con carácter xeral, a totalidades dos ingresos e gastos non financeiros orzamentados, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos



empleos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiación do subsector de Corporacións Locais das Administracións Públicas da contabilidade

nacional. As diferenzas venen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

**A) AXUSTES A REALIZAR EN INGRESOS**  
**Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos:**

Para a realización dos axustes hase de considerar o Manual de cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales, publicado pola IGAE, Ministerio de Economía y Hacienda.

O axuste derivado da aplicación práctica do Regulamento (CE) N» 2516/2000 ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola Corporación Local e a recadación total en caixa correspondente a ditos ingresos, tanto de corrente como de exercicios pechados.

En concreto, os dereitos recoñecidos que se ven afectados por este axuste son os rexistrados nos capítulos seguintes::

- Capítulo 1 "Impostas directos"
- Capítulo 2 "Impostas indirectos"
- Capítulo 3 "Tasas e outros ingresos"

Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, polo contrario, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, disminuirá o déficit en contabilidade nacional.

2014	DR	Recadación Total cobros neta corren/pech ad.	Axuste
Capítulo 1	1.799.280.01	1.798.620.76	- 659.25
Capítulo 2	64.019.09	50.921.16	-13.097.93
Capítulo 3	1.225.711.06	1.098.491.44	-127.219.62
	3.089.010.16	2.948.033,36	-140.976,70

**Capítulo 4 transferencias correntes**

Procede efectuar un axuste polos importes que se reintegraron no 2014 ó Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes ós exercicios 2008 e 2009 polo concepto de PTE, 22.242,48 €.

**Polo que, en conclusión, os axustes a realizar sobre os ingresos na liquidación do exercicio 2014, centranse en:**

1.- Aplicar como criterio de caixa nos capítulos 1 a 3 de exercicio corrente, pola diferenza entre os dereitos recoñecidos no exercicio corrente e os cobros de corrente e pechados de ditos capítulos.

2.- Polo importe das devolucións efectuadas ó Estado derivadas das liquidacións negativas da PTE, 22.242,48 euros no capítulo 4.



Unha vez aplicados os axustes correspondentes, a situación final a efectos do cálculo de estabilidade, capítulos 1 a 7 quedarla como sigue;

Capítulos	DRN, corrente	Axuste	Total Cap. 1 a 7 axustado
Cap.1	1.755.997,04	- 659,25	1.755.337,79
Cap. 2	56.325,70	-13.097,93	43.227,77
Cap.3	1.225.115,25	127.219,62	1.097.895,63
Cap.4	1.989.416,61	-22.242,48	1.967.174,13
Cap.5	11.527,31	0,00	11.527,31
Cap.6	0,00	0,00	0
Cap.7	256.378,02	0,00	256.378,02
Total cap. 1 a	5.294.759,93	163.219,28	5.131.540,65

## B) AXUSTES A REALIZAR EN GASTOS;

### I.-Gastos realizados pendientes de aplicar ó orzamento (conta 413).

A conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar a presuposto" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a súa aplicación ó orzamento sendo procedente a mesma.

Estaríamos ante obrigas respecto das que, non habéndose dictado aínda o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, se derivan de bens e servizos efectivamente recibidos pola entidade. O principio do devengo enunciase con carácter xeral para o rexistro de calquera fluxo económico e, en particular, para as obrigas. A aplicación deste principio implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaría.

No Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, Ministerio de Economía y Hacienda, prevése que a aplicación práctica do principio mencionado anteriormente ven dada pola diferenza entre o saldo inicial da conta 413, e o saldo final, axustando á alza cando o saldo final sexa superior ou axustando á baixa cando o saldo final sexa inferior.

Saldo inicial conta 413	<b>97.859,72</b>
Saldo final conta 413	<b>70.540,61</b>
Axuste	<b>27.319,11</b>

### 2.- Axuste saldo conta pagos pendentes de aplicación

Ademais, procede efectuar un axuste polo importe do saldo da conta 555 por pagos pendentes de aplicación, como maior gasto do exercicio por un importe de **1.818,48 €**.

#### TOTAL AXUSTE NETO GASTOS:

Capítulo	Obrigas recoñecidas netas antes de axuste (€)	Axustes (€)	Total cap. 1-7 axustado (€)
Cap. 1-7	<b>4.773.360,79</b>	<b>27.319,11+ 1.818,48</b>	<b>4.744.223,20</b>



LÍQUIDACIÓN 2014	IMPORTE
a) TOTAL INGRESOS CAPÍTULOS 1 a 7 AJUSTADOS	5.131.540,65 €
b) TOTAL GASTOS CAPÍTULOS 1 a 7 AJUSTADOS	4.744.223,20 €
DEBIDA NECESIDADE DE FINANCIACIÓN	387.317,45 €

% Superávit/déficit de financiación sobre ingresos non financeiros axustados = 6,6

#### CONCLUSIÓN:

Conclúese, dos cálculos anteriores, a **situación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria** entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC.”

Finalmente dase conta da RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA núm. 140-B, do seguinte teor literal:

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 140-B

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención, sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e liquidación orzamento 2014, no uso das atribucións que me confire no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

#### RESOLVO:

1º.- Aproba-la liquidación do presuposto de 2014, que ofrece o seguinte resultado presupostario:

a) Operacións correntes

Dereitos recoñecidos netos	5.081.005,63
Obrigacións recoñecidas netas	4.342.649,17
b) Operacións correntes non financeiras	
Dereitos recoñecidos netos	256.378,02
Obrigacións recoñecidas netas	430.711,62
<b>1. Total operación non financeiras (a+b)</b>	
Dereitos recoñecidos netos	<b>5.337.383,65</b>
Obrigacións recoñecidas netas	<b>4.773.360,79</b>
<b>2. Activos financeiros</b>	
Dereitos recoñecidos netos	1.650,00
Obligacións recoñecidas netas	3.000,00





<b>3. Pasivos financeiros</b>	
Dereitos recoñecidos netos	0,00
Obrigacións recoñecidas netas.	441.719,85
<b>CALCULO RESULTADO PRESUPOSTARIO EXER.</b>	
Dereitos recoñecidos netos	5.339.033,65
Obrigacións recoñecidas netas.	5.218.080,64
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO</b>	<b>120.953,01</b>
<b>AXUSTES:</b>	
4. Creditos gastos financiados con remanente de Tesourería para gastos xerais.	23.809,70
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	49.389,34
6. Desviacións de financiación positiva do exercicio	-25579,64
<b>RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO</b>	<b>95.373,37</b>

2º.- Enviar os datos da liquidación do presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de conformidade có disposto no artigo 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locáis.

3º.- Dar conta ó Pleno.

O manda e firma o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a trinta de marzo de dous mil quince.”

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

#### **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

#### **6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.**

De conformidade eco previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

#### **PUNTO 7.- MOCIÓN S E PROPOSTAS.**



Antes de entrar no debate das Mocións o Voceiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Mesias Farias, manifesta que a Moción presentada polo seu grupo sobre o Naval é retirada sumándose a súa posición á Moción dos Comites de Empresa de Navantia Fene-Ferrol.

**A) MOCION DO BNG: "MOCIÓN A PROL DO MANTEMENTO DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVIS".**

**Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O goberno do PP no Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto-lei 2/2014, do 4 de xullo, que leva aparellado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dése xeito, un servizo até o de agora gratuito acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, compre subliñar que o obxectivo do PP no seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuito que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alen disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse



que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora póñense en mans privadas, impoñendo taxas que non ingresarán ñas arcas públicas senón ñas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se pór en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade. Por outra parte, é preciso non esquecer a previsíbel perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción do seguinte

#### ACORDO

- **Expresar o rexeitamento ao *Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.**
- **Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura ñas funcións que prestan os rexistros civís.**
- **Dar traslado deste acordó ao Goberno central e á Xunta de Galiza.”**



**B) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE. "REXEITAMENTO PRIVATIZACION DO REXISTRO CIVIL".**

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no CONCELLO DE ARES, en base ao previsto no art. 46 da Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, e ao artigo 91 e 97, entre outros, do R.Ou.F e do Regulamento da Corporación presenta a seguinte MOCIÓN PARA DEMOSTRAR O REXEITAMENTO A PRIVATIZACIÓN DO REXISTRO CIVIL E DIRÍXASE COMUNICADO AO MINISTRO DE XUSTIZA CO OBXECTO DE MANTENER A SITUACIÓN ACTUAL DO REXISTRO, para que sexa incluída na orde do día do próximo pleno:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

1. O Rexistro Civil é un servizo público e gratuito, encargado de deixar constancia dos feitos ou actos relativos ao estado civil das persoas naturais, así como outros que as leis lle encomenden. No cal se inscriben os nacementos, a filiación, o nome e apelido das persoas, os falecementos reais ou presuntos, os matrimonios, o rexistro das gardas, a patria potestade, as emancipacións e as nacionalizacións. Isto implica que calquera cidadán ten realizar trámites ante o mesmo obrigatoriamente polo menos tres ou catro veces na súa vida.
2. As queixas céntranse, segundo o Informe do Defensor do Pobo, basicamente nos Expedientes de Nacionalidade e Matrimoniáis. Por tanto, a solución deberá centrarse nestes dous aspectos, que poden enfocarse separadamente respecto do resto dos servizos prestados polo Rexistro Civil, buscando solucións puntuáis para os servizos que presentan problemas de funcionamento.
3. As queixas refírense, non aos Rexistros Cívís en xeral, senón principalmente ao Rexistro Civil Central e algúns Rexistros Cívís concretos, como os das poboacións que rodean Madrid e todo o arco mediterráneo. En total representan a 33 rexistros cívís o que representa un 0,4% dos existentes en todo o territorio (contando eos Xulgados de Paz en total en toda España existen 8115 municipios) se só contamos os rexistros cívís dos Partidos Xudiciais (existen 429) a porcentaxe sería 7,69%.
4. A poboación inmigrante no noso país pasa de 637.085 persoas no ano 1998 a 5.736.258 no ano 2012, ano en que o Ministro encomenda a xestión da nacionalidade aos Rexistradores da Propiedade, estes datos o que reflicten é un aumento dun 900% dos inmigrantes sen que leve aparelado o aumento de funcionarios para pódelas tramitar os expedientes de nacionalidade.
5. No informe do Defensor do Pobo, ñas páxinas 123 a 129, establecen os aspectos que inciden nesta problemática, que non é outra que ?Insuficiente dotación de medios humanos que provoca demoras na atención ao público? e encoméndaa de xestión das Nacionalidades. Estas realidades son esquecidas de forma intencionada polo Ministro de Xustiza.
6. Dentro dos trámites que se realizan no rexistro civil, as nacionalidades por norma xeral non alcanza o 18% do traballo.
7. O Informe do Defensor do Pobo, sobre o que se basea exclusivamente a apreciación do mal funcionamento do Rexistro Civil, non ten en conta outros puntos de vista e informes cuxas conclusións son moi diferentes.



O informe titulado "A importancia dos Servizos Públicos no Benestar dos Cidadáns", elaborado en maio 2013 polo Observatorio de Calidade dos Servizos Públicos, pertencente ao Ministerio de Economía e Facenda e Administracións Públicas, presenta unha valoración moi positiva do Servizo Público do Rexistro Civil, en comparación con outros servizos públicos administrativos.

Así, a satisfacción cidadá no Servizo Público do Rexistro Civil, presenta resultados moi por encima da media dos restantes servizos administrativos que valora o estudo:

- \* Servizos do Rexistro Civil: 85% satisfacción, 2,8% nada satisfeitos.
- \* Axencia Tributaria/Facenda: 68% satisfacción, 6,8% nada satisfeitos.
- \* Expedición DNI e Pasaporte: 78% satisfacción, 5,8 nada satisfeitos.
- \* Trafico: 67% satisfacción, 6,6 nada satisfeitos.
- \* Servizos tramitación pensións: 67% satisfacción, 5,4 nada satisfeitos
- \* Expedición documentos a estranxeiros: 55% satisfacción 11,4% nada satisfeitos
- \* Denuncias Policía e G. Civil: 67% satisfacción, 6,5% nada satisfeitos.
- \* Servizos do Catastro: 74% satisfacción, 5,8% nada satisfeitos.

E esta era tamén a opinión do Partido Popular, que até non fai moito e en palabras do Sr. Ferrer Roselló do Grupo Parlamentario Popular na Comisión de Xustiza celebrada no Congreso dos Deputados o 4 de maio de 2011, alegaba o seguinte á Leí do Rexistro Civil do Ministro socialista Sr. Francisco Caamaño:

**"O Rexistro Civil funciona razoablemente,** mesmo diría que razoablemente ben. Non hai organismo da Administración do Estado que non sexa susceptible de mellora, pero o rexistro sería un dos poucos servizos dependentes do Ministerio de Xustiza que non estaba brutalmente colapsado, un dos poucos que non prexudicaba diariamente o equilibrio emocional do señor ministro. O seu funcionamento non xeraba queixas de importancia entre os usuarios, os tempos de resposta eran admisibles. En realidade, se o comparamos coa Administración de Xustiza ordinaria era dunha velocidade e dunha axilidade case meteóricas. Nada teríamos que dicir, por suposto, da súa fiabilidade. En definitiva, non existía para nada unha demanda social, nin tan sequera tímida, que fixese prioritaria unha reforma radical do Rexistro Civil que levará a desaparición do modelo histórico do noso país. Ocorrésese ás toas media ducia de temas bastante máis urxentes que leste. Esta reforma leva prescindir dos servizos dun bo número de profesionais ?cito, por exemplo, os xuíces encargados do rexistro? que constituían o colectivo humano con mellor preparación, coñecementos e experiencia de todos os que están ao servizo da Administración do Estado en materia de rexistro. Todas esas calidades malgastanse e veremonos na curiosa circunstancia de ter que reciclar a eses xuíces para reinsertarlos na Administración de Xustiza ordinaria mentres que, doutra banda, teremos que formar a outros funcionarios para que desempeñen as tarefas que realizaban os primeiros. Manifestouse que a necesaria modernización, a implantación de novas tecnoloxías podía xustificar esta reforma radical, pero pregúntame: Non podería modernizarse o modelo actual sen necesidade de renunciar ao modelo mesmo e ás garantías que ofrece a tutela xudicial? Non poderíamos realizar os necesarios investimentos, os axustes legislativos que fosen precisos para implantar esas novas tecnoloxías, sen necesidade de revolucionar o sistema? Un modelo que, por outra banda, funcionou razoablemente ben. Por outra banda, nun escenario de crise económica severa, parece razoable abordar o gasto de creación de máis dun centenar de novas oficinas do Rexistro Civil. ¿É o momento de ampliar plantillas -porque, non nos enganemos, haberá que ampliar plantillas- e de investir no custo da súa formación?. ¿Non resultaría máis razoable e austero acometer a mellora e modernización do sistema vixente que a extravagancia -permítanme que o chame así- de crear un novo? A cambio de todo iso o cidadán, ademais, perde a tutela xudicial inmediata e directa do Rexistro Civil e non



se o que as súas señorías pensarán sobre isto, pero para o Partido Popular a tutela xudicial aínda é unha garantía".

O único que cambiou desde entón é o Goberno, se no ano 2011 que o PP estaba na oposición funcionaba ben, e logo gobernando está colapsado ¿de quen é a culpa?.

Nestes momentos están en trámite no Congreso o "Proxecto de Lei de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración da Xustiza e do Rexistro Civil". Con este proxecto pretenden privatizar o Rexistro Civil e entregarllo aos rexistradores Mercantís e da Propiedade.

As emendas redactadas por unha comisión do Colexio de Rexistradores pretenden, entre outros fins, que lie regalen a xestión do Rexistro Civil co máximo de garantías posibles. O importante é non asumir riscos e que a explotación do negocio reporte o máximo beneficio posible. Para iso, coas emendas, os rexistradores introduciron no proxecto de lei as seguintes mensaxes e obxectivos:

\* O Ministerio de Xustiza é o que debe asumir a dixitalización de todos os libros existentes nos rexistros civís e a gravación de todos os seus datos. Ademais de buscar, xunto aos CC.AA., auténticos convidados de pedra, os locais adecuados para o depósito provisional e definitivo, a custodia e conservación dos devanditos libros. O custo desta operación, a cargo do erario público, ou sexa de todos os espanois, deberá sumarse aos preto de 140 millóns de euros que nos custou, a todos os espanois, no seu momento, a dixitalización dos libros e a informatización dos datos rexistrais. (Dispos. Trans. 6ª).

\* O Ministerio de Xustiza clausurará o servizo público, entregando o agasallo aos rexistradores, unha vez entrase en funcionamento a plataforma electrónica, e finalízase o proceso de traslado, ao destino definitivo, dos libros e documentos rexistrais desde cada unha das actuais oficinas do Rexistro Civil. Os rexistradores téñeno claro: o ERE que o faga o Ministro. Dicha clausura afectará o persoal da Administración de Xustiza destinado no Rexistro Civil (que pode incluír a xuíces e secretarios, e seguro a xestores, tramitadores e auxilios), así como ao persoal de vixilancia, mantemento, limpeza, etc., onde o haxa. A modificación realizarase mediante un proceso de reordenación de efectivos polo que os funcionarios pasarán a ser destinados ás vacantes doutros órganos xudiciais, se os hai?, e se non créanse?, segundo o Ministro, modificando os persoais ou as RPTs. (Dispos. Trans. 8ª). O Ministro non se preocupou de porse en contacto coas comunidades autónomas con competencias transferidas para ver o que pasa co persoal.

\* A subcontrata é un negocio. Os rexistradores non forman parte dunha ONG. Esta mensaxe queda patente en numerosas emendas ao articulado do proxecto de lei. Para iso déixase claro que os actos rexistrables pódense ampliar, que os custos de mantemento determinaranse regulamentariamente e que os actos ou asuntos de carácter voluntario e que respondan o interese particular do interesado non terán carácter gratuito para os cidadáns. E para mellorar o balance de ingresos entrégaselles tamén o Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade e do Rexistro de Contratos de Seguros de cobertura de falecementos, creado pola Lei 20/2005, de 14 de novembro, do que, por suposto cobrarán os correspondentes aranceis. Ademais, tamén se lies prometeu (e seguro que esta promesa a cumpre o Goberno) ampliarlles os actos rexistrables (vaise ter que inscribir até a mascota) e o importe dos aranceis das súas actuacións específicas como rexistradores mercantís.

\* Se relacionamos estas emendas ao "Proxecto de Lei de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración da Xustiza e do Rexistro Civil", co articulado do proxecto de lei que facilita a obtención da nacionalidade española aos sefardíes, atopámonos



que custarán diñeiro, polo menos, as inscricións que consignen a veciñanza civil, os seguros de vida, a revogación da firma electrónica, os poderes das persoas físicas e a súa revogación, o domicilio rexistral e a dirección a efecto de

notificacións, a inscrición do calquera outro rexistro público (Rexistro da Propiedade, Rexistro Mercantil, Rexistro de Bens mobles etc.), a expedición do libro de familia en formato electrónico e previa solicitude do interesado ou a súa conversión a ese formato, o rexistro xeral de actos de última vontade e de contratos de seguros de cobertura de falecemento, ?... Da torta comerán até os notarios celebrando os matrimonios. (Vense, no referido a este punto, as emendas ao artigo 4, ao 21, ao 49.4, ao 58, 59,60, 61, ao 68, ao 74 bis, etc.).

\* Mínimos custos, máximos beneficios. Este obxectivo completa o anterior. O custo da plataforma informática que xa está a desenvolver o Colexio de Rexistradores, ascende a 20 millóns de euros. Resulta curioso como baixou o custo. A plataforma tecnolóxica que inicialmente quixo crear o ex?ministro Gallardón, a través do ISDEF, ía ter un custo de 100 millóns de euros.

\* Así mesmo, e para que non teña obstáculo algún que lies impida cumprir o seu obxectivo de apertura do novo negocio, as emendas tamén recollen a necesidade de que, sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas, as licenzas de apertura, actividade e obras dos locais en que se haxan de instalar as novas Oficinas Xerais do Rexistro Civil, de conformidade co establecido nesta Lei, serán substituídas por unha declaración previa responsable sobre as sedes físicas das novas Oficinas Xeral do Rexistro Civil, que previamente deben ser contratadas e dotadas de todos os medios físicos e tecnolóxicos necesarios. Con esta emenda queren evitar a dilación que a tramitación das licenzas administrativas de apertura, actividade e obras poden representar. Con iso confirman, ademáis, o papel dos CC.AA. na subcontrata: pagar locais, axilizar as licenzas de apertura do negocio, nomear aos encargados do negocio, a proposta do Ministerio, e pouco máis, sen contar eos Concellos.

\* Finalmente, e nunca mellor devandito, a Disposición Final Primeira, recolle que "En todo o non previsto na presente Lei estarase ao disposto na Lei Hipotecaria e, con carácter supletorio, na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas...". A remisión á Lei Hipotecaria permítelles, aos rexistradores, entre outros achados, establecer, nun futuro, aranceis.

\* Como eles din no texto das súas emendas "O colexio non pode renunciar a iso xa que será un dos medios con que conté para financiar o RC". E como nos dicimos "A iso non, non renunciarán a todo o que incrementa os seus beneficios".

\* As emendas tamén establecen que existirá unha Oficina de Rexistro Civil naquelas poboacións de 100.000 habitantes pero non di que pasa co resto das localidades e xulgados de paz.

Tamén é importante lembrar que o Ministro de Xustiza falta á verdade como queda patente nos feitos relatados anteriormente.

Ademáis sería un brutal atentado á intimidade. Un dos puntos máis delicados da reforma rexistral é o risco que poida implicar para a intimidade e a privacidade das persoas. Os funcionarios que presentan servizo na actualidade en rexistro civil teñen deber de protección dos datos, se isto pasa a man privadas como se vai a garantir isto. A posibilidade que unha entidade privada teña ao seu alcance un alto volume de información de cada cidadán con tan só teclear o DNI é un perigo.



Obviamente por todos estes actos que se amplían, así como polos que xa se inscribían, QUE NA ACTUALIDA SON GRATUÍTOS, o cidadán TERÁ QUE PAGAR.

Ante isto debemos lembrar que o Rexistro Civil foi un servizo público e gratuito para todos os cidadáns desde 1870, foi modernizado en 2011 coa dixitalización de todos os

libros do rexistro desde o ano 1950, que supuxo un investimento de 129 millóns de euros, cantidade que pagamos todos os cidadáns, facilitándose o traballo e mellorando a calidade deste servizo, que na actualidade é un dos melior valorados dentro da Administración de Xustiza.

O Ministerio de Xustiza pretende, con este Proxecto de Lei, pechar os rexistros civís e transferir a competencia dos trámites e certificacións aos Rexistradores da propiedade, e algunhas outras, como a celebración de matrimonios, aos Notarios, o que suporá que "todos os cidadáns terán que pagar un arancel ao Rexistrador da Propiedade ou Notario, polas partidas de nacemento, defunción, matrimonio e todo tipo de actos que actualmente son gratuitos e que afectan á esfera máis íntima de dereitos e vontades dos cidadáns", e tendo en conta que todos os cidadáns facemos uso deste Servizo varias veces ao longo da nosa vida, vai ha supor un incremento innecesario e inxustificado para nosos xa maltreitos petos. Nese proxecto, loxicamente, non se establecen as contías dos ARANCEIS A COBRAR, pero de todos é sabido que non se caracterizan precisamente por ser económicos, "o que foi un servizo público para todos os cidadáns vai acabar sendo un negocio para uns poucos".

Máis gravosa é se cabe a situación que se xerará ñas poboacións máis pequenas, ñas que actualmente as funcións de rexistro civil efectúanse desde o Xulgado de Paz, xa que na maioría délas non existen Rexistradores nin Notarios, polo que o cidadán ademáis de pagar terá que desprazarse a outro municipio.

Atentado brutal á intimidade. Un dos puntos máis delicados da reforma rexistral é o risco que poida implicar para a intimidade e a privacidade das persoas. Os funcionarios que presentan servizo na actualidade en rexistro civil teñen deber de protección dos datos, se isto pasa a man privadas como se vai a garantir isto. A posibilidade que unha entidade privada teña ao seu alcance un alto volume de información de cada cidadán con tan só teclear o DNI é un perigo.

Polo que, o Grupo Municipal Socialista de Ares, somete a consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte **ACORDO**:

Este Concello mostra o seu rexeitamento máis absoluto a que o cidadán teña que pagar por un servizo que desde hai 150 anos vén realizado de forma gratuita e eficaz.

Dirixase comunicado ao Sr. Ministro de Xustiza, instándolle a que dea marcha atrás ñas súas pretensións de privatizar os Rexistros Civís e que continúen sendo un Servizo Público e de calidade, como até agora.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, o cal manifesta que á vista que as duas Mocións teñen practicamente o mesmo petitum, que sexan votadas conxuntamente, acedendo a esta petición o Voceiro do BNG.





Acto seguinte sometense a votación as dúas Mocións e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlles a súa aprobación.

**C) MOCIÓN COMITÉS DE EMPRESA NAVANTIA FENE-FERROL “RELATIVA Á GRAVE SITUACIÓN DO ASTELEIRO”.**

Dase conta da Moción presentada por D. José Blanco Pico, en representación do Comité de Empresa de Navantia Ferrol, que seguidamente se transcribe:

**MOCIÓN OS CONCELLOS**

O domingo 10 de maio está convocada unha nova mobilización en defensa do sector naval da Ría de Ferrol polos comités de empresa e os Delegados de persoal dos dous estaleiros. É unha continuación do camino comezado hai máis de catro anos, con anteriores corporacións municipais, feito que manifesta claramente que esta demanda, arroupada en numerosas ocasións de xeito contundente por milleiros e milleiros de cidadáns da comarca, vai máis aló de partidismos nin procuras de vantaxes.

Mentres o goberno central e autonómico vende melloras no emprego, empeoraron todos os indicativos no ámbito laboral. Galicia segúe superando os 250.000 desempregados e desempregadas, 130.000 deles sen cobertura algunha de subsidio ou prestación, o que supón unha taxa de desprotección do 53%, dous puntos máis que a xa bastante penosa taxa a nivel Estatal.

Pero o certo é que a comarca está nunha situación moito peor. Malia ter os mesmos males de fondo que Galicia e o resto do Estado: aplicación salvaxe da reforma laboral, 9 de cada 10 contratos de carácter eventual, máis precarios e o tempo máis reducido, familias con nenos a cargo que dependen unicamente da pensión dos avós, destrución do sector industrial e apuntalamento dun modelo económico abocado ao fracaso ..., a situación de Ferrolterra é peor porque o motor da economía da comarca, que segúe sendo o sector naval, continúa non só anestesiado pola ineficacia de quen nos goberna senón que está poñéndose en serio risco de desaparición de xeito consciente e programado.

Eses falsos brotes verdes que se pretende vender a nivel estatal e galego non teñen xa cor en Ferrolterra, Eume e Ortegá, onde eses empregos precarios, parciais e discontinuos quedan tamén dous puntos por enriba da media galega.

De non activarse o motor de xeito real e inmediato, corre serio risco de gripar. ¿Cantas industrias do naval pecharon para non volver abrir? ¿Cantos operarios vense na obriga de marchar a Brasil, Uruguai ou ao norte de Europa?. A maioría, nin sequera teñen esa oportunidade, e moitos perderon o seu desemprego ou están en camino diso.



Porque o motor non camina con auga. Unha industria declarada estratéxica por todos aqueles que gobernaron e felicitada desde fai máis de tres séculos polos diferentes clientes: Armada Española, Australia, Noruega, Tailandia, países iberoamericanos, as mellores e máis importantes navieiras privadas? Hoxe é maltratada.

O que frea este motor económico, o sector naval, son as promesas incumpridas e os anuncios cínicos nunca materializados. Falouse por parte da Xunta de Galicia de remolcadores, quimiqueiros, dique flotante e petroleiros para Pemex. Por parte do goberno central o buque de acción marítima que non se empezou, o impulso á fragata F 110 que nunca chega e un nicho de mercado novidoso no eólico marino da man de Iberdrola que tampouco aporta a día de hoxe emprego algún.

O único proxecto vivo é un flotel para o que se anunciaron miles de empregos na industria auxiliar. A día de hoxe 4 ó 5 centenaes de traballadores/as é o máis que aporta este buque. Quizáis os responsables políticos referíanse a miles de xornadas de traballo e non de contratos de traballadores, xa que o que si é certo é que aquela imaxe de fai décadas na que os terratenentes ou os caciques elixían na praza pública aos traballadores que poderían ganar o seu xornal é moi comparable coa imaxe que hoxe se vive na industria auxiliar do naval.

Non son cuestións illadas. Nin sequera teñen diferente orixe. Estas son as consecuencias dunhas políticas cheas de cinismo en torno ao sector naval público no Estado. Mentres se di apoiar un sector a estratéxico e xerador de emprego de calidade con condicións dignas conseguidas e pelexadas durante décadas no interior das fábricas estrangúlanse os estaleiros sen carga de traballo, centralízase a xestión ñas mans de incompetentes, desvalorízanse as condicións laborais e económicas de todos os traballadores e traballadoras a niveis vergoñentos en calquera empresa pero inadmisibles nunha empresa do Estado, se anula a participación dos traballadores/as, dos cidadáns e ata das institucións municipal e autonómica, ou se ataca á parte social como recentemente con algún nomeamento no departamento de recursos humanos.

Mentres se di defender as reparacións e apoiar Ferrol como porto clave en Europa das liñas marítimas que saíran reforzadas da ampliación da canle de Panamá, o PP vota unha e outra vez en contra da construción dun dique para carenas na ría de Ferrol.

Mentres clamaba o PP dende fai anos contra o veto da construción naval convencional, agora en Fene impon un veto virtual pero igualmente mortal para as nosas capacidades.

Mentres din que están en contra de reconverter, se esvaen responsabilidades sobre Navantia en varios ministerios, pero co claro mandato de reestruturar ordenadamente as empresas dedicadas á defensa. Todo isto sen definir cuestións fundamentais a medio e longo prazo que consoliden a compañía e a posición de cara ao futuro: capitalización, carga de traballo, especialización, incorporación de mozos, compromiso co cumprimento ñas condicións



laboráis, formación adecuada, investimento en investigación, desenvolvemento e innovación, etc.

Faise imprescindible, polo tanto, arroxar luz sobre a incerteza que ameaza ao principal sector económico da Comarca. Hai quen pode e debe facelo e é o Partido Popular quen ten maiorías e competencias para iso dende a Deputación, a Xunta e o Goberno central.

**Por todo isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

1. Apoio da Corporación e chamamento á participación da cidadanía á mobilización convocada para o próximo 10 de Maio en defensa do sector naval da Ría de Ferrol.
2. Instar a declaración de Navantia como empresa estratéxica na comarca na construción naval civil e militar.
3. Participación da representación dos traballadores na discusión dun Plan Industrial que asegure a sustentabilidade da Compañía e o seu reforzamento a medio e longo prazo.
4. Esixencia da posta en marcha inmediata do proxecto de fragata F110, impulso do proxecto do Buque de Acción Marítima, construción dun dique para consolidar o futuro das reparacións, así como dotar a Navantia de carga de traballo no sector civil, agora eliminado o veto, e participación nos nichos das enerxías renovables.
5. Capitalización e posta en marcha dun Plan de investimentos e modernización dos estaleiros que potencie a Investigación e a innovación como elemento diferencial e que aporte o imprescindible valor engadido.
6. Rexuvenecemento do cadro de persoal para garantir a continuidade de todos os centros de traballo coa entrada de mocidade nas diversas actividades, sen que isto signifique unha redución da capacidade nin do emprego.
7. Descentralización da toma de decisións especialmente nas áreas estratéxicas de enxeñería, compras, aprovisionamentos e comercial e desenvolvemento da Lei do naval de Galicia aprobada polo Parlamento Galego.
- 8 Compromiso de Navantia na vixilancia do cumprimento das condicións sociolaborais, especialmente na IIAA así como impulsar colaboracións para a formación da mocidade tanto de F.P. como de enxeñería.

Sometido a votación a Moción o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde, preguntase os voceiros dos grupos municipais se existe, algunha moción para someter á consideración do Pleno pola vía de urxencia, non presentándose ningunha.



### **PUNTO NÚM. 8. – ROGOS E PREGUNTAS.**

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farías quen fai as seguintes preguntas:

En datas pasadas trouxeronse as resolucións de gasto da Alcaldía, de xaneiro a setembro do ano 2014, nos dixemos porque non se traían as resolucións de setembro a decembro do ano 2014 que xa estaban listas, porque xa o exercicio de 2014 estaba pechado, e se nos dixo que era por unha cuestión de traballo que non deu tempo, pero o Alcalde comprometeuse persoalmente a que viñesen na próxima sesión, nos queremos saber porque unha vez máis este obscurantismo, a hora de presentar as resolucións de gasto, sobre un compromiso que el mesmo persoalmente dixo.

A seguinte preguntar, e cal é o motivo dese cambio de ordenación de tráfico nas casas baratas con vías de dirección única, nos estimamos que non está de todo xustificado e se a caso cando se pensa que se van a retirar eses postes da luz que hai nesa rúa.

Interven a Voceira do Partido Popular D<sup>a</sup> Josefina Fernández Fernández, no anterior pleno xa lle comuniquei que non había convocado a Comisión Extraordinaria de obras e servizos para darnos o balance económico financeiro do Servizo de Auga e alcantarillado, e segue sen facelo, comprometeuse que a ía a levar e non o fixo.

Non aparecen as resolucións de gasto do último trimestre do 2014, hai está a transparencia sua.

Porque non están notificadas as resolucións das alegacións que fixeron os traballadores do Concello á RPT.

Porque non ven a Pleno á RPT, cando xa foi a Xunta de Voceiros.

Resposta o Sr. Alcalde, que as Resolucións sei que están con bastante traballo coa liquidación do orzamento, e en consecuencia se debe a eso, non hai ningunha outra razón, sempre viñeron, e sempre estiveron a vosa disposición, e efectivamente unha cuestión de atopar o momento, onde polos servizos municipais, poidan traelas, xa viñeron as dos meses anteriores, faltan esas e tamen se van a traer e unha cuestión de traballo, porque sempre se trouxeron, nunca se deixaron de traer as resolucións de gasto, e un tema de exceso de traballo coa liquidación do orzamento que tivo que vir a este Pleno.

En canto á ordenación do tráfico na rúa Xan Xosé e Irmáns Bugallo, esa é unha proposta loxicamente da Policía, como comprenderás eu non vou pola rúa e digo, que vou a cambiar o tráfico desta rúa, nin se me ocorre nin teño coñecementos en materia de tráfico, efectivamente creo que é pola apertura do supermercado.

A Comisión sobre o Servizo de Aguas, eu non sei se teremos listo a liquidación do ano pasado, porque o que pedides vos é a conta de resultados, e esa conta de resultados vai



moi vinculada a liquidación do orzamento de 2014, porque ó ser publico van nas mesmas contas, a liquidación a acabamos de traer hoxe, entonces, unha vez liquidado o orzamento do 2014, dentro desa liquidación vai a conta de resultados do servico de augas, me imaxino que coa liquidación xa o teremos non preguntei, cando vos pedichedes esa Comisión non se podía facer porque non estaba a liquidación do orzamento do ano pasado, agora xa está co que podremos facer esa Comisión.

O tema das resolucións, o mesmo preguntou o BNG e xa o resposteí.

E o tema da RPT, da Resolución das Alegacións dos traballadores e porque non ven o Pleno. A RPT non pode vir a Pleno sen resolver as alegacións dos traballadores, e as alegacións dos traballadores están en estudio. Sabedes que a RPT está feita, esta suxeta a algún cambio se algunha alegación se acepta, se non se acepta ningunha alegación non haberá ningún cambio.

Sra. Fernandez Fernandez, pero as alegacions no xestiona xa están respostadas.

Sr. Alcalde, eu vexo que non, eu non firme as Resolucións a min non se me pasaron a firma, están sen contestas as alegacións, non esta concluido o expediente, a RPT ten os apoios que ten, os do Partido Socialista, nos temos intención de levala adiante e a levaremos cando este o expediente concluido.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e vinteseis minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a Sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,